

Unha aproximación ós *ditados tópicos* lugueses nos materiais do *Diccionario geográfico popular de España*

Xosé-Afonso Álvarez

David Rodríguez Lorenzo

Damián Suárez Vázquez

(Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela)

O escritor Camilo José Cela prestou unha salientable atención a moi distintos aspectos da cultura popular dos territorios españois. Obviamente, moitas destas informacións filtráronse na súa produción literaria, xa desde *La Familia de Pascual Duarte*, cun protagonista que se expresa na súa fala rural extremeña e que non aforra referencias ó refraneiro español para manifestar os seus pensamentos. Outras investigacións mereceron capítulo propio, como os afamados libros de viaxe *Viaje a la Alcarria* e *Del Miño al Bidasoa*. Pero é menos coñecido o seu fondo interese polo que tradicionalmente se deu en chamar *ditado típico*, unha caixa grande en que collen xentilicios, alcumes, cantigas e coplas, refráns, etc. que se refiren a algunha localidade ou os seus poboadores; en palabras de CJC: “la más desnuda y frágil huella del hombre, su voz nombrando o no más que aludiendo al otro hombre que ve y a su paisaje doméstico y familiar”¹.

Para profundar neste seu interese e fornecerse de datos, CJC iniciou un ambicioso proxecto, a redacción dun *Diccionario geográfico popular de España* (DGP). Pero a obra naceu con dúas chatas importantes. Dun lado, os materiais recollidos de fontes escritas, como os refraneiros, non atenden por igual todos os territorios. Doutra banda, unha recolla sistemática non podería ser feita polo *pluriempregado* CJC, nin sequera co apoio esporádico que recibiu por parte doutras persoas. Para solucionar estes graves inconvenientes, pediuse a axuda do corpo de Correos. O escritor enviou ós carteiros un cuestionario que pedía informacións sobre xentilicios, alcumes, cantigas ou refráns das localidades que estes traballadores servían (pois estes funcionarios están presentes en todo o territorio español, mesmo nas áreas máis illadas) ou outras, lindeiras ou non, das que coñecesen eses datos. Acompañan este artigo exemplos gráficos dalgunhas das corenta mil fichas enviadas desde toda España e que se conservan, no momento de escribir este artigo, na Fundación Camilo José Cela en Padrón.

O DGP non tivo moita sorte. Foi en 1971 cando se realizou o envío masivo de cuestionarios ós carteiros e unha década máis tarde Camilo José Cela foi designado *por nomeamento directo* Catedrático de Universidade de Literatura e Xeografía Populares en Palma de Mallorca, cargo que exerceu desde xullo de 1980 ata a súa xubilación, por idade, no ano 1986. Alí impartiu cursos de doutoramento, con frecuencia na súa propia casa, con biblioteca mellor dotada cá universitaria. Pero foi só en 1998 cando o Nobel conseguiu publicar o primeiro volume, que contén unha introdución ó concepto de *ditado típico* e unha numerosa relación de entradas que conteñen o topónimo *España* ou o xentilicio *español*.

O 16 de xullo de 2008, a Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación Camilo José Cela asinaron un convenio para dixitalizar, estudar e divulgar as

¹ *Diccionario geográfico popular de España*, I. *Introducción a la dictadología típica: España*. Madrid: Noesis, 1998, páx. 17.

enquisas compiladas polos carteiros no territorio galego. Excluídas as fichas deixadas en branco ou que non conteñen datos de interese, son 309 os cuestionarios da provincia de Lugo que se conservan (272 para A Coruña, 372 para Ourense e 385 para Pontevedra). Estes impresos foron escaneados e o seu contido está sendo nestes momentos transcrito e etiquetado, para ser explotado nunha base de datos que axiña estará dispoñible na Internet.

Ademais das propias fichas, recuperouse moito material adicional relacionado co proceso de recolla. No caso de Lugo, ten especial interese a correspondencia mantida entre CJC e José Traperero Pardo, na altura director do xornal El Progreso e fecundo xornalista e escritor, quen lle entrega unha listaxe dunha quincena de follas mecanografadas que contén alcumes, refráns ou coplas de varios concellos lugueses. CJC tamén recompilaba diferentes publicacións que lle puidesen dar informacións de interese e, así, consérvanse nos materiais do DGP obras moi heteroxéneas, como unha reportaxe sobre as montañas de Cervantes de José María Castroviejo ou un completo percorrido xeográfico, histórico e cultural pola Terra Cha que publicou o poeta Manuel María na revista do Centro Galego de Bos Aires.

Examinaremos, a seguir, algunhas das variadas anotacións que aparecen no material recollido polos carteiros para CJC. En primeiro lugar, exporemos algúns pseudoxentilicios ou alcumes que identifican os habitantes de distintos lugares de Lugo. Como se verá, á hora de crear unha designación deste tipo, os falantes poden acudir a aspectos moi variados, pero, en xeral, trátase sempre de que esta identifique ben as persoas a que se refire, polo que se adoita basearse nalgún produto típico da localidade, algún oficio que os seus habitantes adoptasen con frecuencia, un alimento que se dea ben nesas terras, etc. Do mesmo modo, observárase que hai designacións máis *inocentes*, mentres que outras, seguramente creadas non tanto polos habitantes do lugar, como polos seus veciños, agochan intencións xocosas, de burla e, ás veces, case de insulto.

Como dicíamos, moitos alcumes beben de oficios típicos da localidade. Así, no concello da Pontenova, os de Vilaboa son *albardeiros* e os de Vilarmide, *cazoleiros*. Os de Outeiro (Guntín) son os *fogueteiros*. No municipio de Outeiro de Rei, os da parroquia de S. Mamede de Bonxe son *cacharreiros*, pero os de Parada son *peixeiros* e, inda máis específico, os de Cela, *troiteiros*, pois, como aclara o propio carteiro na ficha que cubriu, dedícanse a “operaciones de pesca en el río Miño”. Obviamente, pode haber máis do que unha ocupación, como acontece en Loentia, concello de Castro de Rei: *A parroquia de Loentia / é aldea de bos zoqueiros / de xastres e costureiras / e de moitos trangalleiros*.

Tamén é moi frecuente que se escolla un alcume polos produtos da horta que abundan nun sitio ou os alimentos que se fabrican a partir dos recursos naturais. A provincia de Lugo dá para servir a mesa máis esixente, se facemos caso ó que din os alcumes: *ceboleiros* (Xunqueira, Viveiro), *coroceiros* [polo millo] (Vilaboa, A Pontenova), *fabeiros* (San Cosme de Nete, Vilalba), *pataqueiros* (Agualevada, Bóveda e A Devesa, Ribadeo), *pimenteiros* (os de Lago, Xove), *queixeiros* (O Pontigo e Vilarquide, Riotorto), etc. E hai aínda máis nomes de plantas que non son de aproveitamento culinario, como poden ser os *toxeiros* de Arrubial (Castroverde).

Non só o reino vexetal está representado, senón tamén o animal, e xa se poden observar aquí máis connotacións negativas nalgúns alcumes. Así, os de Óutara (Pobra do Brollón) son *micos*, os seus veciños de Canedo, *cucos* e os da parroquia da Ferreirúa, nese mesmo concello, *pegos*. Pode haber repeticións: *raposos/zorros* son os da Cortevella (Martín, Baleira), os de Monterroso, os da Avieira (Marzá, Palas de Rei), etc.

Porco-teixos son os habitantes da Quintá, parroquia de Pousada, no concello de Baleira, pero, se cadra, é peor destino o da xente de Piñeirás (Guntín), que reciben o nome de *cauelos fracos*.

Por último, sinalemos algúns alcumes máis xocosos e burlescos. Os de S. Vicenzo de Ver, no concello de Bóveda, son chamados os *miratréns*, pois por alí pasa o camiño de ferro, no tramo Lugo-Monforte. Non se libra ninguén, toda parroquia ten o seu alcume, aínda que non todos os carteiros os recollan. No concello da Pobra do Brollón, os de Óutara son *picapleitos*; os de Piño son *mouros*; os de Saa son os *roupas vellas*; os de Santalla de Rei, os *lapacaldos*, etc. En non poucas ocasións, nótase que as relacións veciñais poden ser algo máis tensas. Así, os de San Martiño de Condes (Friol) referiron que os da parroquia de Guimarei son os *burriqueiros*, alcuña que tamén deron os de Mosteiro de Devesa (Palas de Rei) ós seus veciños de Berbetouros, ademais do de *revoltosos*. Pero non sempre son mal acollidas as designacións negativas, mesmo poden ser motivo de orgullo e de unión, como lemos na copla recollida na Retorta, na pequena parroquia de Vilalvite, do concello de Friol: *Xa que somos da Retorta / e nos chaman retorcidos, / estamos moito no alto, / non temos medo ós veciños*.

Outras creacións moi habituais na fala son os refráns ou ditos, que se compoñen para informar das virtudes ou defectos dos diferentes lugares. Nin que dicir ten que moitas destas informacións pouca verdade conteñen, senón que son máis ben composicións enxeñosas que se serven da boa rima que teña o nome da poboación. Así, dísenos que *Os de Masoucos, poucos e roucos* ou infórmasenos de que *Os de San Cibrao, tiran a pedra e esconden a mao*. Os hábitos culinarios tampouco escapan ó rimado, como demostran as recollas *Os de Atán non beben viño nin comen pan* ou, incluso, *Pola bisbarra de San Breixo, deixan o pan e comen o queixo*.

Non faltan, tampouco, diferentes variantes de refráns que fagan alusión á mesma circunstancia, sexa esta verdade ou mito. Así, na literatura popular aparecen numerosas referencias ó carácter aforrador dos habitantes de Miranda. Deles dise que cando saen de viaxe levan consigo a comida para non ter que ir a unha fonda: *Os de Miranda levan o pan na manga*. Hai quen diga tamén que regatean o alimento ós visitantes: *Se vas a Miranda, leva o pan na manga, e o cutelo pra cortar, que alí non che han de dar* ou, incluso, que *En Miranda, moita bambolía, olas ó lume con auga sola*. Parece claro que a Miranda é mellor ir comido, pero a cuestión é, a que Miranda? O primeiro refrán foi recollido no concello da Pontenova, que conformaba, coa Pastoriza e Riotorto, o territorio histórico de Terra de Miranda. O segundo e o terceiro recolléronse en Miranda, parroquia do concello de Castroverde. Pero, para complicar máis as cousas, coñecemos un refrán de Miranda do Douro, en Portugal, que nos di, en mirandés, que *Se fures a Miranda, lhieba pan na manga, vino na borracha, q'alhá num s'acha*. Vemos, por tanto, que os refráns tamén viaxan e poden desprazarse sen problemas dunha localidade a outra co mesmo nome, que pasa a ter que aturar tamén a mala sonda da orixinal.

Boa parte dos refráns e similares o que fan é comparar as virtudes e defectos dos distintos lugares. Hai algún “positivo”, como este, recollido en Alfoz: *Se as montañas de Adelán se volveran pan, e as de Frouxeira, manteiga, e o Río d'Ouro, viño mouro, non habería país como o Vale d'Ouro*, pero normalmente xogan máis coa burla e o escarnio, como o seguinte: *Os de Rozas, secan as pozas; os de Rubiás, matan os cás, e os de Teixeira, mui frioleiros*. Hai tamén quen combine as dúas perspectivas, como na completa información proporcionada en Espasantes, municipio de Pantón, que repasa as características de todo o vecindario: *Quintá, ricos porcos; Vilanova, fidalguía;*

Tanquián señoría, e Briallos policía; os da Lama, enterramortos; Cadueiro, trampuceiros, e Vila do Mato, o que non é ladrón, é gato. A respecto da última afirmación, comentemos apenas que é moi usual para diferentes lugares da provincia, especialmente os que teñen rima fácil: *San Martiño de Siós, trinta veciños, cuarenta ladrós.*

Para concluír, falaremos doutro campo fecundo da literatura popular, as cantigas. A primeira delas dános unha idea do moito que cambiou o canon de beleza, desde aqueles tempos da fame en que eran as persoas gordas as máis atractivas, pois serían de boa familia e terían que comer: *As rapazas de Muimenta, / non é úa, que son todas, / poñen seis pares de medias / pra facer as pernas gordas.* Non faltan, tampouco, os cantares loadores do propio, como a recollida nesta parroquia da Pobra de Brollón: *Salcedo foi vila e couto, / Salcedo sempre sal ten / fontes claras, campos verdes / e moitos homes de ben* ou nestoutra, obviamente, como se verá, do Folgueiro (parroquia de Suegos, O Vicedo): *Tocan a pandeiro en Bares / e resona no Barqueiro; / as rapaciñas máis guapas / todas están no Folgueiro.* Outros cantos, tamén moi literarios, están asociados a momentos concretos, como esta cantiga que se di que declamaban os mozos que ían ó servizo militar: *Adeus Eixibrón da alma, / de costas voute mirando: / ventás e corredores, / todo queda relumbrando.*

Cambiando un pouco o ton, queremos concluír o artigo con tres cantos máis reivindicativos e xocosos. O primeiro deles recolleuse en Parada (Outeiro de Rei), cuxos habitantes, como arriba dixemos, son coñecidos como *peixeiros*: *Os peixeiros de Parada / collen peixes a patadas, / nunca ricos han morrer, / máis pobriños cás arañas. // Os peixeiros de Parada / moitos peixes levan comidos, / das arganas que paparon, / sempre andan retenidos.* A segunda e terceira composicións son de Maceda (Palas de Rei): *Unha vella de Maceda / díxolle a outra de Furelos: / peta ela máis cos pés / có ferreiro cos martelos // Unha pera, dúas peras, / non ten máis o ramalliño, / unha pró Alcalde de Maceda, / outra pró señor padriño.*